

PALABRAS CON "X" CON "LL" e CON "I"

Levan «x»

conxugal
cónxuxe
conxuntura
conxuntural
dexECCIÓN
disxunción
enxesar
exaculación
exacular
inxECCIÓN
inxectar
maxestático
pelexa
pexorativo
proxección
proxectar
proxectil
proxecto
proxector
subxacer
subxugar
traxecto
traxectoria
xacente
xacer
xaxuar
xaxún
xema
xenro
xeso
xugo
xugular
xustaposición
xustapoñer

Levan «ll»

agasallo
agulla
alleo
allo
antollar
antollo
aparellador
aparellar
atallar
atallo
bacallau
baralla
barallar
brillante
brillar
brillo
burbulla
callado
callar
cella
cerralheiro
coello
espello
estropallo
falla ('fallo ou
carencia')
gargallada
lentella
mallo ('apeiro')
mexillón
migalla
ollal
olleiras
palla

pallaso
parella
partilla
semellante
semellar
tallo
tella
tellado
vasilla

Levan «i»

aboiar
abraiar
alboio
alfaia
alfaiate
apoio
baioneta
boia
croio
ensaia
ensaio
escaiola
escaiolar
faia ('árbore')
faiado
ianqui
iate
lemen ('pais')
iemeni
ien ('moeda xa-
ponesa')
iodo
ioga
iogur
iogureira
ioiío
laiar
laio
maio ('mes')
maionesa
maior
maioría
maiúscula
minisaia

1. Substitúe as consoantes destacadas por «x», «ll» ou «i» e forma outras palabras.

tema →

abra**z**ar →

a**s**eo →

in**f**ectar →

b**o**ta →

ba**r**ata →

te**s**a →

bate →

— Completa estas oracións coas palabras con «x», «ll» ou «i» anteriores.

- Ela lanzouse ao mar desde o _____, nadou ata a _____ e logo volveu.
- Noto, polo tacto na _____ dos dedos, que esa _____ é nova.
- Non te podes _____ dese xeito: ese é un problema _____ que a ti non che afecta.
- Non sei por que me teñen que _____ unha vacina porque me caese unha _____ no pé.

2. Escribe o nome dos seguintes debuxos



3. Completa as oracións con palabras derivadas de brillo, raia, proxecto e maior.

- O líquido _____ que me recomendaches é boísimo: o meu parque loce como nunca.
- O presidente espera obter o apoio _____ do Parlamento.
- Por sorte, o _____ disparado polo tanque non feriu a ningún.
- Manuel contribuíu con _____ á vitoria do seu equipo: marcou tres goles.
- Algún canalla dedicouse a _____ o meu coche cunhas chaves pola noite.
- Meu avó xogaba _____ de dianteiro, aínda que tamén foi porteiro.
- Ese escritor naceu no concello de Lobios, _____ con Portugal.
- Os sindicatos están en desacordo co _____ de lei que prepara o goberno.

— Clasifica as palabras que escribiches pola súa familia léxica e engade outras novas a cada unha. (Escribe as palabras na orde na que aparecen nas oracións).

Familia léxica
de brillo

Familia léxica
de raia

Familia léxica
de proxecto

Familia léxica
de maior

4. Completa as oracións coa palabra conveniente de cada par.

faio - fallo

- Levade esas caixas vellas ao _____, que aquí estorban.
- Por cada _____ no exame, a profesora restounos medio punto.

oio - ollo

- O oculista dixo que me aumentou lixeiramente a miopía no _____ dereito.
- Fala máis alto, que non _____ ben con este ruído.



vaia - valla

- Estamos a buscar un coche que _____, como moito, sete mil euros.
- Cando _____ a Roma, visitarei o Vaticano.

faia - falla

- Neste monte vese moita _____ e tamén moito carballo.
- Tiven algúns problemas en Londres pola miña _____ de costume de falar en inglés.



maio - mallo

- Antes mallábase manualmente o cereal co _____ para separar o gran da palla.
- Estaremos de viaxe ata que remate o mes de _____

5. Completa estas oracións poñendo «x», «ll» ou «i» onde proceda.

- O noso _____ ate quedou abo _____ ando co motor avariado, ata que nos remolcaron ata a pra _____ a.
- Mañá pro _____ ectarán unha película _____ emení no castelo de Soutoma _____ or.
- Hoxe estou de anto _____ o: de primeiro quero lente _____ as; de segundo, coe _____ o; e de sobremesa, _____ ogur.
- Quedei abra _____ ado ao verme no espe _____ o con aquel disfrace de pa _____ aso.
- Durante o roubo, o meu _____ enro foi ferido cunha nava _____ a preto da _____ ugar.
- Polo seu aniversario, os cón _____ u _____ es compraron agasa _____ os nesa xo _____ aría.
- No poema dese autor urugua _____ o sub _____ ace o tema do imperialismo _____ anqui.
- A ma _____ oría da xente da vila sabe que este ata _____ o é o tra _____ ecto máis curto ata a fonte.
- A profesora de _____ oga recomendoume un día de _____ a _____ ún para eliminar as miñas o _____ eiras.
- No pasado mes de ma _____ o, un incendio provocado por un ra _____ o destruíu aquel bosque de fa _____ as.